

## O poeta Alonso Montero

**Xosé Manuel Salgado**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2011 [1999]). “O poeta Alonso Montero”. En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero* (vol. II). Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1379-1387. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/324>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, XOSÉ MANUEL (1999). “O poeta Alonso Montero”. En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero* (vol. II). Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1379-1387.

\* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## O POETA ALONSO MONTERO

Xosé Manuel Salgado  
*Universidade de Santiago de Compostela*

Quizais poucos o sospeitasen pero penso que a ninguén colleu por sorpresa que o profesor, o crítico, o ligüista Alonso Montero –o que dalgunha maneira o explica todo– era tamén o poeta Alonso Montero. Había algo máis que saber e inxenio nos seus estudos sociolingüísticos ou nos seus brillantes e magníficos comentarios de tantas obras literarias: alí estaba amparando e facendo luz sobre o conxunto, a intuición do creador. Decatámonos agora que, cando Alonso falaba da poesía de Rosalía, de Curros, de Cabanillas, de Machado, de Lorca e de tantos outros autores, falaba ademais da súa propia poesía, moi persoal, moi do seu tempo e moi de calquera tempo, coma toda obra de arte verdadeira.

Alonso comeza a publica-los seus poemas xa rebasados os sesenta anos. Probablemente escribía versos mentres escolmaba cantigas populares, dispuña poemas para gaba-la memoria dalgún ilustre devanceiro, redactaba os seus artigos xornalísticos, os seus libros de ensaio ou os seus traballos de crítica literaria pero ó lector, soamente lle remitiu as súas entregas poéticas en época recente e fíxoo coa ponderación, modestia e convicción de quen non se sente empurrado por ningunha arroutada, pecado ás veces habitual da primeira xuventude. Eis pois un poeta afastado de grupos programáticos, sinais de identidade xeracionais e outras camisas de forza.

Convén non esquecer, que este impecable orador e temible polemista verbal, endexamais armado cos útiles do gladiador senón coas armas intelixentes do pensador, foi dende sempre un home comprometido cos condenados da terra e séguelo a ser agora cando a noción de compromiso está tan en desuso e mesmo abandonada por unha sociedade coma a nosa que soamente aspira a comungar coa paixón comfortable. Non estrañe pois, que conciba en grande maneira a súa poesía coma arma de loita militante, coma instrumento ideolóxico e didáctico, asumindo os rasgos dun compromiso continuo coa realidade que o rodea. Poesía é a súa para amosa-la mentira que se oculta baixo a superficie das cousas, a falsidade sobre a que se constrúe unha figura notable da sociedade, a febleza e oquidade que sustentan o mundo de hoxe, para denuncia-los abusos e violencias sociais.

Acostumado a loitar contra tantos demos, os ollos do poeta, aínda que pareza mentira, rara vez van mirar ó ceo na procura de axuda anxélica senón que se poñen a observar, criticamente, as podremias e miserias morais deste mundo. O poeta non deixa de interrogarse sobre as cuestións capitais que afectan ó ser humano porque son centro das súas propias preocupacións e non renuncia a facelo en aras de ningunha das modas, tan proclives á conformidade intelectual nesta fin de século, impondo un selo propio, un estilo ós seus poemas. O Alonso Montero que fala neles, é, sobre todo e ante todo, o Alonso Montero político, comprometido coas forzas da esquerda, a inquietude do cal polos asuntos públicos, vai máis aló dunha simple preocupación intelectual para adquiri-la forma dun compromiso coa realidade que a súa poesía nin disimula nin mostra o máis mínimo desexo de disimular.

Mais non todo na súa poesía é referente dunha situación que nos ofrece unha visión desacougante e desesperanzada do presente para acompañarnos coma unha sorte de conciencia moral no mañán. Vai selo lingüista e folclorista, motivado sobre todo pola recuperación dalgunhas expresións galegas -»*catro homes de sol*» e «*medio home de sol*»- quen induza ó poeta a facer unhas coplas *ad hoc* que el mesmo comenta e aclara o seu significado:

Os señoritos da Vila  
son xente de «moito» fol:  
os días soltos «madrugan»  
con *catro homes de sol*.

Os señoritos da Vila  
son xente de freba mol:  
déitanse cando as galiñas  
con *mediq home de sol*.

Aínda que o propio comentarista llas atribúa a un Xan pobo que «non sempre versifica as malfeturas da sociedade» (Alonso Montero 1991: 18), polas nosas pesquisas, entendemos que a man do profesor Alonso está detrás da súa elaboración. Que nos saibamos, son estes os primeiros textos poéticos do estudioso e antólogo da nosa poesía popular: un poeta por

outra banda, que cáseque sempre ocultou ou disfrazou o seu propio nome ó estampala sinatura ó final das súas composicións.

Sabido é de todos, que foron os nosos Cancioneiros medievais, estes e alicerces do *Neotrobadorismo*, movemento poético que agroma ó final da década dos anos vinte ó abeiro do Seminario de Estudos Galegos, aínda que contou con insignes precursores en datas anteriores. O clímax estético da actitude neotrobadoresca atinguírase con Álvaro Cunqueiro e dábase por pechado o ciclo co *Cancioeiro de Monfero* (1953) de Xosé María Álvarez Blázquez, «a máis divertida das arlotadas literarias» (X. L. Méndez Ferrín 1987: 7). Viñeron despois varios poetas, nomes ilustres das nosas letras algúns deles, que se serviron dalgún verso, dunha expresión e mesmo doutros recursos empregados polos vates medievais, mais as súas composicións quedan bastante lonxe dos eidos neotrobadorescos xa que o seu quefacer poético vén ser un xogo meramente retórico, «un brindado ós trovadores devanceiros» (Pilar Castro 1993: 52). Pois ben, a adscripción ás fórmulas cancionerís é o camiño seguido por Alonso Montero en grande parte das súas entregas poéticas, que seguen as formas das cantigas medievais e se insiren plenamente no clasicismo dos Cancioneiros. Esta é a razón que nos obriga a falar en pasado ó referírmonos ó vieiro, supostamente choído, coa obra de Álvarez Blázquez.

Sete cantigas que conforman o poemario *María das Falas di mal do noso tempo* co que queda finalista no Primeiro Certame Xacobeo de Poesía en 1993, certame ó que acode na convocatoria do ano seguinte, recibindo o primeiro premio polas cinco composicións que presentou baixo o título *Airas Nunes volve ó Camiño*; a «Gabanza `trobadoresca` do viño do Condado» e unha «Estraña cantiga de amigo comentada polo profesor Pietro Molteni», poemas todos eles reunidos no volume *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval* (1998), prologado por Elsa Gonçalves e o chorado Filgueira Valverde e no que o propio poeta proporciona unha exhaustiva información sobre a xénese, fontes e características dos poemas, constitúen ata o día de hoxe, a cáseque totalidade das mensaxes poéticas de Alonso Montero, postas en clave neotrobadoresca.

No seu propósito de reconstruír poesía, adaptándose ás regras esenciais do xénero trovadoresco e de recuperar esa vocación poética extraviada, o poeta de Ventosela aborda o reto dende un declarado clasicismo, tanto pola temática proposta coma polo instrumento elexido. Non cabe dúbida, que optar por esta forma de expresión para unha aposta estética tan fervorosa, entraña certos riscos que Alonso se encargará de sortear cun oficio sorprendente. Coñecedor das ríxidas normas que presidían as composicións medievais, sabe compensar esa sorte de tiranía á que, por forza, teñen que estar sometidos os seus poemas, canonicamente impecables e de moi garbosa palabra por certo, coa sorpresa dunha

expresión exacta e feliz. É certo que desfila por eles o espírito da tradición cancioneril mais vai ser transportado a un grao de comunicación explícita e directa, ó día dos acontecementos contemporáneos, algo común a tódolos grandes poetas que souberon poñer en relación o pasado co presente sen renegar dun nin hipotecarse ó outro.

Amáis de anova-los eternos *topoi*, infundíndolles un aire fresco e recendente, cun depurado sentido do ritmo e unha decidida pulsión literaria, Alonso consegue ese ideal de que a arquitectura do verso non constrinxa en ningún momento a mensaxe poética. Inquilino sempre do formato clásico, o estilo dos seus poemas vaise cinxir ás súas necesidades expresivas que son ricas e variadas, prevalecendo nelas unha ollada descrida da realidade, crúa por veces, irónica cáseque sempre. Será precisamente nestes momentos, cando a súa voz poética apareza transida de cotidianeidade e coloquialismo, como acontece na cantiga «O que na loita non é cabaleiro», cuarta da serie *Airas Nunes volve ó Camiño*.

Pese a que estes poemas aparecen percorridos de plurais erudicións -os «feros corvos» de Pondal, a «tenda» do desertor celsoemiliano, o irrespirable e fedorento aire do Elsinor cunqueiriano ou a «soidade da tecelá» de *Follas novas*-, Alonso sóbolles infundir un sopro de vitalismo irónico ós seus copiosos filóns culturais, converténdoo nunha sustancia latexante e proteica; de aí que o álbum de referencias culturais que aparece nestes poemas, con ser abondoso, endexamais chega a asfixiar xa que se trata dun continxente de sabedoría imbricado na propia vida. Neste xesto de concordia cultural, quizais se cifre o segredo dun poeta que sabe bautizar de novo o que xa nomearon os nosos clásicos

Poida que a moitos lectores lles semellen estes poemas simples prácticas de estilo: alardes de que ningunha combinación estrófica do mundo medieval ten segredos para o poeta, de que non se lle resiste ningún recurso retórico. Posiblemente non lles desasista a razón ós que así os vexan, mais, sinceramente, pensamos que estes poemas son tamén un exercicio de denuncia das doenzas que o mundo actual non sabe amortizar; estratexias diversas en suma, para mitiga-la ferida oculta dun poeta que asiste ó naufraxio da vida, da nosa vida.

Estes versos pois, inscríbense nunha poética de clave abertamente política cunha linguaxe que ten moito que ver cos modos da poesía social; unha poética por outra banda, que esixe o enfoque narrativo e realista da experiencia, a vontade de identificación co home e o rexeitamento de todo elitismo

Tanto Filgueira Valverde coma Elsa Gonçalves, aludiron, respectivamente, ó «poeta civil» (Filgueira 1998: 16) e ó «poeta social» (Elsa Gonçalves 1988: 21), calificativos cos que o eu poético do autor se identifica

nos seus versos:» *Leda está Santa María, Madre excelsa do Amor,/ cando un poeta social lle implora o seu favor./ E sendo eu triste trobeiro, pobre no verso e no son,/ pídoLle con toda a forza e con todo o corazón/ que me forneza de rimas no latín desta nación,/ gracia que pensa pagar este civil trobador./* (Alonso Montero 1998: 51). En efecto, defrontado coa trivialidade e a impostura, o poeta, á maneira que Curros explicitara en «¡Crebar as liras!», ten moi claro cal é a súa misión e, por extensión, a de todo poeta: «*Se sodes rexos vates,/ non viles niquitates,/ poñede atención:/ mallade no espiñazo/ dese terrible andazo/ que é a Corrupción./* Así mesmo, a presenza do vate de Celanova, neste caso concreto, o Curros de *O divino sainete*, asoma novamente ó referi-lo poeta as intencións e os destinatarios dos seus versos: «*Quero ser cantor da causa do Ben,/ da causa dos bos, ferindo tamén/ a podre raíz da eiva inmoral./*

O poeta que denuncia os excesos e reclama as carencias, tanto do individuo como da sociedade, repensa o mundo e maila historia que estamos a vivir para ofrecernos unha visión implacable e crítica da nosa época, a cal, ó tempo que segue a idolatrar a deuses imperecedeiros -o «xato de ouro» e o «deus diñeiro»-, vese afectada polas modas efémeras e asiste impasible ó derrocamento de pasaxeiros ídolos, inmediatamente substituídos por outros que correrán idéntica fortuna. A voz presente nestes poemas, é unha voz que quere se-la dos oprimidos, que se identifica cos que sofren a historia e que dende unha defensa a ultranza da liberdade e independencia do individuo fronte ás normas coercitivas, totalitarismos e consignas, aposta polo rexeitamento de toda tiranía nas súas mutantes e multiformes manifestacións. Conflúen pois en Alonso Montero, o compromiso político e o persoal, as dúbidas e mailas certezas do tempo que lle tocou vivir, fixando dende o compromiso coa palabra, a atmósfera espiritual e maila realidade que existe ó seu arredor o que lle leva a decidirse por este tipo de poesía que, dende as conviccións ideolóxicas e a solidariedade, rexeita, como se dixo, toda retórica e fai do coloquialismo e da ironía os elementos forxadores do seu verbo.

A marxe das lúdicas e rexoubearas cantigas que conforman a «Gabanza `trobadoresca` do viño do Condado», hai outras dúas no volume -a que pecha a serie de *María das Falas* e a «Estraña cantiga de amigo comentada polo profesor Pietro Molteni», con Pero Meogo e Mendiño exercendo, respectivamente, de lumieiras para os versos do poeta-, que se afastan das características apuntadas para o resto das composicións. A voz do travestido poeta é agora a voz dun espectador falto de esperanza máis tamén tranquilo e mesmo pasivo, non coa pasividade queixosa de quen sente viva a ferida do desengano senón coa serenidade de quen acepta a realidade tal como é e non semella crer que poida ser doutro xeito; é nestes poemas ó noso entender, onde os versos

de Alonso conectan cunha tradición moi transitada que é a poesía ética, de índole moral, de corte senequista.

O corpus poético de Alonso Montero en clave neotrobadoresca, complétase con este poema, datado un 6 de xaneiro de 1999, inédito ata o momento e que agora, por xentileza do propio autor, reproducimos. Coma no resto das súas composicións, varios son os recendos literarios que aroman os seus versos -dende *Xenius* ata a mesma Rosalía de Castro-, contando unha vez máis coa inconfundible presenza de Mendiño:

Cantiga de amigo e de amor  
para dona Carmen Mejía,  
miña señor

*En la Ría un astro se ponía  
junto a San Simón con Carmen Mejía.  
Na barca co amigo.*

*En San Simón un astro descendía  
con Mendiño, ela ben o sabía.  
Na dorna co amigo.*

*Junto a San Simón, con Carmen Mejía,  
luz de atardecer y melancolía.  
Na nave co amigo.*

*Con Mendiño, ela ben o sabía,  
luces de solpor, tristura na Ría.  
Na nave co amigo.*

*Luz de atardecer y melancolía,  
cavila no seu quen eu ben sabía.  
Na dorna co amigo.*

*Luces de solpor, tristura na Ría,  
canta o corazón de Carmen Mejía.  
Na barca comigo.*

Coma unha pérola inserida dentro do seu corpus poético, semella agocharse o poema «Complexo de vagalume: Fábula e adiviña» (Alonso Montero 1997: 103-107), un dos 22 textos que conforman a coroa poética adicada ó vermiño de luz e na que a carón do propio Alonso Montero, mentor e compilador da mesma, conviven os versos doutros 16 poetas. Un sutil recendo do *Paco Pixiñas* celsoemiliano aroman os octosílabos deste poema que se continúa nunha «Posdata» e nun «Envoi», brillantes exercicios á súa vez, de grácil ironía e finísimo humor.

Fose xa dende a cátedra, dende a tribuna pública ou dende o artigo de xornal, este home, alleo a conveniencias e intereses pero que nada do humano lle resultou nunca estraño, endexamais deixou pasa-la ocasión de retratar en cruéis sátiras ós corruptos e ós negociantes e financeiros

sen escrúpulos. Asiduas foron e son as súas chamadas de atención sobre os perigos que entrañan tanto a sordidez da civilización tecnolóxica coma o capitalismo salvaxe que agallopa cada vez con máis brío nestes esteriores da fin do século. Mostrou así mesmo a súa sensibilidade e comprensión perante a guerrilla latinoamericana, xurdida en resposta á salvaxe e fera agresión do imperialismo norteamericano. Evocou en fin, a guerra civil coma dolorosa experiencia infantil e orixe da dictadura franquista, homenaxeando ás vítimas da incompreensión e intolerancia que provocou aquel día de infausta lembranza no que quedaron arriadas as bandeiras da liberdade.

Non podía o poeta Alonso Montero esquecer e abandonar estas denuncias que xa tiveran cumprida acollida noutros rexistros da súa palabra. Son catro poemas-homenaxe os que conforman un segundo apartado dentro da súa poesía, nos que o poeta se vai afastar dos modelos neotrobadorescos, aínda que non deixe de homenaxear á súa vez, ós poetas que merecen a estima e admiración do propio cantor. Así, na «Epístola laudatoria para Xesús Campos», amigo persoal do poeta, son perceptibles no seu comezo, os ecos do poema que a Ramón Cabanillas lle suscita a morte de Castelao: «Irmán Xesús, nos eidos de Galicia/ chovían chumbo tódalas estrelas», (Alonso Montero 1993: 98), para no final do poema acudir Federico García Lorca co seu «Llanto por la muerte de Ignacio Sánchez Mejías» en axuda do estro do poeta: «Non virá nalgún tempo, se é que vén,/ un lostregar desde tan clara idea», (Alonso Montero 1993 : 98). A «Carta a Fuco Buxán» de Celso Emilio Ferreiro, vai se-lo modelo e referente da «Carta a Mario Terán, executor de Ernesto Che Guevara» (Alonso Montero e Salgado, X. M. 1998: 81-82), poema co quixo honra-la memoria do emblemático guerrilleiro arxentino no trinta cabodano do seu asasinato. Dando por certa e segura a súa paternidade do poema, descoñecémo-las razóns que o motivaron a publicalo de forma anónima. «Nouturnio de medo e morte» (Alonso Montero e Salgado, X. M. 1999: 13), un *rifacimento* do «Nouturnio» currosián que toma o seu título dunha peza de teatro de Vilar Ponte do ano 1935, é a homenaxe do poeta a Roberto Blanco Torres, inmolado barbaramente por terras de Entrimo a comezos da guerra civil. Será en fin *Santiago Novo*, que xa estampara a súa sinatura na revista clandestina *Nova Galicia*, quen rubrique os «Oito versos para Euloxio e Rizal» (Alonso Montero e Salgado, X. M. 1999: 41), compañeiros de Blanco Torres na hora derradeira e vítimas coma el da crueldade e barbarie fascistas.

O dominio do verso e a viveza dunha palabra, tensada ó límite mesmo da capacidade da linguaxe, poranse definitivamente de manifesto nesta serie de poemas-homenaxe nos que resoa o clamor da inxustiza: un clamor mitigado polo pudor dunha literatura que se nega a incorrer no



panfleto e prefire ensimesmarse na celebración da amizade e na evocación ferida pola ausencia, calada dunha feble tristura.

Sen despreocuparse dos límites expresivos, de copia-lo mundo e facelo tanxible, apostou Alonso por unha arte que non constrinxa a expresión dos máis íntimos e velados segredos da persoa: o amor, a máis esencial das fantasías e a liberdade seguen a se-los supremos valores da existencia. Consciente por outra banda, de que só o máis feble -a palabra poética- permanece e dura, a poesía vén ser para el un produto sobre todo cultural, que combate o tempo, isto é, a morte, a través dunha beleza que soamente se consegue mediante a cultura e as palabras, nese ir e vir entre a memoria e maila historia onde reside a literatura. Deste xeito, a literatura produce vida e perpetúaa para sempre, que é a mellor maneira de mantela viva máis alá da morte.

Non sabemos quen serán os poetas que o insobornable porvir salvará deste tempo; si sabemos que Alonso Montero, poeta do noso tempo, sabe falarnos coa verdade de calquera tempo. E unha poesía que soporta a verdade, ten sempre un efecto reconfortante porque a verdade, dicía Adorno, endexamais é desconsoladora.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, X. (1991): «Medio home de sol: Hapax», *La voz de Galicia*, 12/XI/1991.

\_\_\_\_\_ (1993): «Epístola laudatoria para Xesús Campos», *Xesús Campos. Unha visión aguda e vertixinosa de Galicia*, Santiago de Compostela, Consorcio da cidade de Santiago, 98.

\_\_\_\_\_ (1997): *Poemas ó vagalume*, Vigo, Galaxia.

\_\_\_\_\_ (1998): *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*, Vigo, Nigra, col. Rara avis.

Alonso Montero, X. e Salgado, X. M. (1998): *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Alonso Montero, X. e Salgado, X. M. (1999): *Coroa literaria para Roberto Blanco Torres contra a súa morte*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.

- Castro, P. (1993): *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*, Vigo, Galaxia.
- Filgueira Valverde, X. (1998): «Limiar para Alonso Montero», en Alonso Montero, X., *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval, o. c.*, 11-16.
- Gonçalves, E. (1998): «Prólogo», en Alonso Montero, X., *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval, o.c.*, 17-22.
- Méndez Ferrín, X. M. (1987): «Con Xosé María» en Álvarez Blázquez, X. M., *Poesía galega completa*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 7-9.